

## **CIRCULAR 112-2022.**

### **CONTROL FGA PISTA CUBERTA 7/01/2023**

### **CONTROL FGA PISTA CUBERTA 8/01/2023**

- *A todas as Delegacións da FGA*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

**Art.1).** A Federación Galega de Atletismo organiza o control FGA os días 7 e 8 de xaneiro de 2023, na Pista Cuberta de Ourense en Expourense.

**Art.2).** Poderán participar todos/as os/as atletas federados/as con ficha pola Federación Galega de Atletismo, da tempada (2023).

No caso de ser superado o tope de inscricións, aplicarase o criterio de mellores marcas, conforme á tempada 2022. Entre aqueles/as atletas inscritos/as sen marca, terán preferencia segundo a orde de inscrición.

**Art.3).** As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do martes 3 de xaneiro. Existirá unha cota de inscrición de 4 euros por atleta para cada un dos controis.

Pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente. Neste tempo tamén poderán facerse inscricións fora de prazo, o que leva unha multa de 3€ por participante ata o xoves 5 de xaneiro ás 12:00, e sempre coa autorización da dirección técnica remitindo un mail a: [competicion@atletismo.gal](mailto:competicion@atletismo.gal) e segundo a dispoñibilidade de prazas libres.

**Art.4).** Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación.

Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

**Art.5).** Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas.

**Art.6).** Para a realización das saídas, aos atletas da categoría máster, seralles aplicada a normativa de saídas absoluta.




Art.7). Horario Provisional, a falta do peche de inscricións.

<b>HORARIO PROVISIONAL CONTROL 07/01/2023 TARDE</b>		
<b>HORA</b>	<b>CARREIRA</b>	<b>CATEGORÍA</b>
16:00	60 mv Control	Abs Homes
16:09	60 mv Control	Sub 20 Homes
16:18	60 mv Control	Sub 18 Homes
16:30	60 mv Control	Sub 16 Homes
16:37	60 mv Control	Abs Mulleres
16:45	60 mv Control	Sub 16 Mulleres
16:54	60 mv Control	Sub 18 Mulleres
17:04	60 mv Control	Sub 14 Mulleres
17:12	60 mv Control	Sub 14 Homes

<b>HORARIO PROVISIONAL CONTROL 08/01/2023 MAÑANA</b>				
<b>HORA</b>	<b>CARREIRA</b>	<b>CATEGORÍA</b>	<b>PÉRTEGA</b>	<b>LONXITUDE</b>
10:00	60 ml	Abs Homes	H-M	Homes B
10:06	60 ml	Abs Homes		
10:12	60 ml	Abs Homes		
10:18	60 ml	Abs Homes		
10:24	60 ml	Abs Homes		
10:30	60 ml	Abs Homes		
10:36	60 ml	Abs Homes		
10:42	60 ml	Abs Mulleres		
10:48	60 ml	Abs Mulleres		
10:54	60 ml	Abs Mulleres		
11:00	60 ml	Abs Mulleres		Homes A
11:06	60 ml	Abs Mulleres		
11:12	60 ml	Abs Mulleres		
11:18	60 ml	Abs Mulleres		
11:24	600	Sub 16 Homes		
11:30	600	Sub 16 Mulleres		
11:36	800	Abs Homes		
11:42	800	Abs Mulleres		
11:48	400	Abs Homes		
11:55	400	Abs Homes		Mulleres A
12:02	400	Abs Mulleres	H-M	
12:09	400	Abs Mulleres		
12:16	3000 ml	Abs Homes		
12:30	3000 ml	Abs Homes		
12:44	3000 ml	Abs Homes		
12:58	3000 ml	Abs Mulleres		Mulleres B
13:12	3000 ml	Abs Mulleres		
13:26	3000 ml	Abs Mulleres		

As cadencias de pértega publicaranse xunto coa listaxe de admitidos.



**Art.8).** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Control a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a e por proba, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA ([direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)). No caso de lesión deberá acreditarse o xustificantefacultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo.
- A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

**Art.9).** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 26 de decembro de 2022

Carlos Castro Vicente  
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo